

Instrución VII/2008 da Xerencia sobre o tratamento contable da facturación interna na USC

1. Introducción

As normas de execución do orzamento da USC para 2008 inclúen unha autorización ao xerente para ditar as instrucións que permitan un tratamento extraorxamentario da facturación interna:

Artigo 11. Xestión da facturación interna

Durante o exercicio 2008 porase en marcha o tratamento automatizado para a imputación nas partidas descentralizadas da facturación interna (cargos internos). Autorízase ao xerente para que dite as instrucións operativas precisas para iso. A autorización mencionada no apartado anterior inclúe a apertura de operacións non orxamentarias que teñan por finalidade o tratamento dos cargos internos masivos, así como a xestión extraorxamentaria deses pagamentos.

Enténdese por facturación interna a repercusión de gastos entre unidades ou partidas de gasto da propia USC, pola prestación por parte do centro emisor de servizos ou subministracións, ou ben pola distribución dun gasto soportado inicialmente nunha partida entre diversas partidas de gasto distintas da primeira. O centro, unidade ou partida receptora do cargo interno contabilizarao como un gasto ordinario, coas peculiaridades que se indican na presente instrución.

A facturación interna (cargos internos) ten diferentes usos na USC:

1.1. Cargos internos puntuais, non sistemáticos, entre diferentes partidas orxamentarias aos efectos de distribuír custes entre varias partidas.

1.2. Os emitidos por unidades da propia USC pola prestación de servizos (exemplo: imprenta universitaria)

1.3. Aqueles destinados a distribuír periodicamente entre un número elevado de unidades o importe de facturas de terceiros cos que se teñen establecido acordos polos que se unifica nunha soa factura o total dos servizos prestados á USC. Para facer esa distribución, o provedor debe facilitar en formato electrónico o detalle da factura por unidade de custe, aos efectos de poder elaborar os cargos internos.

En función da descrición anterior o procedemento que se establece na presente instrución afectará aos apartados 1.2 e 1.3 para aquelas unidades e centros autorizadas. Os cargos internos descritos no apartado 1.1 tramitaranse tal como se ven facendo ata o momento, de acordo co procedemento descrito no apartado 3, e reservando o seu uso para os supostos de repercusión de custes.

En calquera caso, a facturación interna entre partidas debe responder á imputación de custes dun servizo ou subministración concreta, e nunca se utilizará para facer movementos de crédito entre partidas, as cales se deben facer mediante transferencia de crédito.

Por outra parte, deberase ter en conta as características de cada partida para determinar se este tipo de gastos son ou non admisibles ou elixibles, no caso de que o seu crédito sexa aportado por unha axuda específica externa.

2. Creación de partidas non orzamentarias

2.1. Ás unidades da USC que prestan servizos e que estean no ámbito de aplicación desta instrución polo tipo de actividade que prestan, poderán habilitárselle partidas non orzamentarias para a xestión dos gastos derivados da súa actividade (gastos de subministros ou servizos orixinados no proceso do ben ou servizo que se produza) e dos ingresos que se orixinen na facturación interna emitida aos centros e servizos da USC.

As partidas non orzamentarias creadas figuran no anexo a esta Instrución, e iranse actualizando permanentemente.

2.2. A facturación unificada á que se refire o apartado 1.3 imputarase á partida non orzamentaria creada para o efecto, segundo a natureza do gasto, o proveedor ou outros criterios. A distribución ás unidades de custo farase internamente mediante cargos internos que xerarán ingresos nas ditas partidas. 2.3. As partidas non orzamentarias creadas terán os seguintes movementos:

Pagamentos	Ingresos	Imputación do saldo a fin de exercicio	
		Saldo debedor	Saldo acredor
Pagamento de facturas a terceiros de bens ou servizos que se utilicen para xerar os cargos internos, ou de facturas que se vaian repercutir a varias unidades.	Ingresos derivados da facturación interna	Se o saldo do concepto non orzamentario é debedor, poderase aplicar ao orzamento de gastos ou traspasar ao exercicio seguinte	Se o saldo é acredor poderase aplicar ao orzamento de ingresos

3. Procedemento de contabilización da facturación interna

3.1. A contabilización dos cargos internos indicados no punto 1.1 e os do punto 1.2 de centros non autorizados a utilizar partidas non orzamentarias, efectuarase como cargo na partida do orzamento de gastos que corresponda, realizando un desconto en formalización polo mesmo importe na partida de ingresos 01.8120.34000, sendo por tanto o líquido “cero” (non existe saída de fondos). Polos ingresos realizados efectuarase xeración de crédito na partida emisora do centro ou servizo facturador.

3.2. Os centros e servizos que estean autorizados para utilizar partidas non orzamentarias para o cargo dos gastos que despois serán obxecto de repercusión ou facturación a outras unidades, emitirán os correspondentes cargos internos para a repercusión ou distribución deses gastos. Os centros receptores contabilizarán os cargos internos seguindo o procedemento descrito no apartado anterior. Non obstante, a partida non orzamentaria na que se contabilizará o desconto será a que corresponda (ver anexo). Os ingresos contabilizados nesta partida utilizaranse para cancelar os cargos realizados polas partidas non orzamentarias, tal como se describe no apartado 2.3

4. Contabilización masiva de cargos internos

4.1. Cando o número de cargos sexa suficientemente significativo autorízase o emprego do procedemento de carga automática de datos na aplicación e-Sicus. Este procedemento está deseñado para o traspaso dende outras aplicacións informáticas de xestión de ficheiros de datos, para o que é necesario que a autorización de gasto asociada ao pedimento estea dada de alta e que teña saldo dispoñible.

4.2. Os pagamentos que se realicen a terceiros contra partidas non orzamentarias requiren a súa contabilización en e-Sicus incluíndo o mesmo nivel de información que no tratamento das obrigas orzamentarias.

Os criterios para se incorporar á xestión automatizada dos cargos internos son:

- Xerar un volume significativo de operacións no exercicio
- Solicitar o director/responsable da unidade autorización previa á Xerencia.
- A unidade debe ter un procedemento de xestión informática da facturación interna que permita un intercambio de datos con e-Sicus. Para iso deberá poder xerar un ficheiro nun formato específico. Para facilitar a xestión, a unidade ou servizo será considerada como un provedor e poderá darse de alta no Portal de provedores

5. Aspectos técnicos da contabilización masiva

Procurarase que a transmisión de información entre os centros emisores de cargos e os receptores sexa automática. No momento da posta en marcha do sistema, os centros emisores enviarán por correo electrónico unha factura interna en formato PDF aos responsables de asuntos económicos para que estes verifiquen a corrección da autorización realizada e do propio cargo.

Posteriormente, no prazo que se indique nese correo, o centro emisor procederá á imputación automática na partida e autorización correspondente do cargo interno, a través de aplicación informática e-SICUS. Os responsables de asuntos económicos recibirán unha comunicación automática das operacións realizadas pola aplicación e deberán tramitar os ADOP destas operacións do xeito habitual. O tipo de ADOP polo que se tramitarán estes cargos internos é "CA".

Este procedemento ten por obxectivo, entre outros, garantir o pagamento dos cargos internos necesarios para facer fronte a compromisos con terceiros. Deberanse tramitar para o pagamento os ADOPs en canto se asinen de conformidade os PDF.

Non obstante o anterior, desde a Xerencia iranse revisando e actualizando permanentemente os aspectos técnicos e os procedementos de contabilización.

Santiago de Compostela, 10 de xullo de 2008.

O XERENTE,

Pedro García Moreno

ANEXO

(Instrución VII/2008 sobre o tratamento contable da facturación interna na USC)

Partidas non orzamentarias creadas para a xestión automatizada da facturación interna

Código orgánico	Código económico	Denominación	Data de creación
7510	310123	Facturación interna - Imprenta Universitaria	30/06/2008
8075	310123	Facturación interna - Telefonía	30/06/2008